

# Universidade de Vigo

## PROCEDEMENTO PARA A TRANSFORMACIÓN DOS CONTRATOS DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR A PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR INTERINO (CG 13/11/2018)

O Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo, en aplicación do recollido no artigo 35 do **II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo**, establece no seu artigo 31 apartado 2 que:

*“O profesorado que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor que, antes do remate do seu contrato reúna os requisitos legalmente establecidos, poderá solicitar a transformación da súa praza a unha de profesorado contratado doutor e a convocatoria do correspondente concurso. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do concurso”.*

Para dar cumprimento ao indicado para o curso 2018/19, establécese o seguinte

### PROCEDEMENTO

As persoas que rematen o seu contrato como profesorado axudante doutor durante o curso 2018/19 e estean acreditados como profesorado contratado doutor (PCD), poderán solicitar diante do departamento ao que pertencen, a transformación da praza que ocupan nunha de profesorado contratado doutor interino segundo o modelo que figura no anexo I deste procedemento.

Os departamentos, tras someter a aprobación do seu consello as anteditas transformacións, achegarán as solicitudes, xunto cunha copia da acreditación a PCD, á **Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado (a través do rexistro xeral) antes do día 5 de decembro de 2018.**

A Comisión de Organización Académica e Profesorado, por delegación expresa do Consello de Goberno, analizará as solicitudes e aprobará a transformación e toda a tramitación daquelas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos.

Vigo, 14 de novembro de 2018

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Firmado digitalmente por  
33305656T  
MANUEL RAMOS  
(R: Q8650002B)  
Fecha: 2018.11.14  
13:01:28 +01'00'

Manuel Ramos Cabrer

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

00008735s1800003175

CSV

GEISER-0367-f05b-3f0e-4212-9573-1ed8-7ce0-5de3

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

14/11/2018 13:55:56 Horario peninsular

Validez del documento

Original

